



Prezada comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Vite:

De acordo coa lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes do sector familias no **Consello Escolar** (*órgano de participación do goberno do centro dos diferentes membros da comunidade educativa*).

### Instrucións para participar nas eleccións:

- **Poden votar** todas as nais, pais, titoras ou titores legais do alumnado matriculado no noso centro.
- **Son elixibles** todas as persoas do sector familias que se presenten como candidatas.

Tanto para votar como para presentarse como candidatas/os é necesario estar inscrito no **censo electoral** (pode presentarse reclamación ao mesmo na Recepción do centro).

Nesta ocasión **elíxese 1 persoa representante deste sector**.

O voto será **secreto, directo e non delegable**.

Para votar tedes que identificarvos co **DNI, NIE** ou outro documento acreditativo equivalente.

Pode votarse por un máximo de **1** nome.